

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 179/2022**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 28 de outubro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2022, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de outubro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 27 de setembro de 2022, da Alcaldía do Concello de Ponteceso, pola que se resolve a súa solicitude de acceso ao expediente XXX, para a elaboración, aprobación, replanteo e execución do proxecto obxecto do contrato de obras de reparación, mellora e mantemento de diversos espazos públicos nese concello, así como do expediente XXX de adxudicación do contrato menor de obras medidas de seguridade en beirarrúa, camiño e praza pública municipal.

XXX indicaba que solicitou, no procedemento que se seguiu para a elaboración, aprobación, replanteo e execución, previa adxudicación do proxecto obxecto do contrato de obras de reparación, mellora e mantemento de diversos espazos públicos no concello de Ponteceso, acceder a todos os documentos contidos no expedientes administrativos tramitados polo Concello de Ponteceso posteriores á formalización da solicitude de autorización de Augas de Galicia (memoria técnicas, proxecto, informes técnicos, xurídicos, de fiscalización, autorizacións sectoriais etc. ), mediante a súa posta a disposición na sede electrónica do Concello de Ponteceso. O Concello notificoulle resolución na que se lle concede acceso á consulta de todos os documentos do expediente XXX, incluído o ditame xurídico emitido con data 13 de setembro de 2022, o día e no horario que se lle indica. Respecto da copia de todos os documentos contidos no expediente administrativo do contrato menor de servicios

subscrito co letrado para a elaboración do Informe xurídico, non procede acceder ó solicitado toda vez que dito Informe foi encargado directamente polo Alcalde.

Os motivos alegados de oposición á dita resolución, a pesares da extensión da reclamación en 52 folios con abundante transcricións literais da súa solicitude, da resolución impugnada e de artigos de normas administrativas, e alegacións sobre defectos de procedemento na tramitación dos expedientes de obras e outros expedientes administrativos, ou validez dos informes emitidos por quen non ten a condición de funcionario, no referente ao acceso á información, pode resumirse no seguinte:

- Motivación errónea da resolución que pretende xustificar que se da a información en modalidade distinta á solicitada, cunha motivación errónea, consistente en invocar razóns de salvagarda de intereses de terceiros obxecto de protección, que son os da súa nai, titular catastral das outras fincas rexistradas afectadas, negando o acceso electrónico e condicionando o acceso.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 4 de novembro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante ao Concello de Ponteceso para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 7 de novembro de 2022

**Terceiro.** Con data do 18 de novembro de 2022 o Concello de Ponteceso contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que non procede a posta a disposición na Sede electrónica do Concello porque XXX non ten a condición de interesada no expediente, xa que é un terceiro que non é promotor nin titular de dereito ou obriga algunha. Considera que procede que se lle dea acceso a todos os documentos contidos no contrato de obras e de adxudicación do contrato menor de obras, sempre salvagardando a normativa de protección de datos de carácter persoal, ben mediante consulta dos expedientes en cuestión nas oficinas da entidade local ou ben proporcionando copias da mesma nos termos que fixe a entidade local, pero non por sede electrónica do Concello.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 28 de setembro de 2022 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 28 de outubro de 2022, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

## Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou acceso en formato electrónico, a un expediente de obras, e resolveuse de forma favorable ao acceso, pero non mediante a súa posta a disposición na Sede electrónica como solicitou, por non ter a condición de interesada no expediente, senón mediante consulta dos expedientes en cuestión nas oficinas da entidade local ou ben proporcionándolle copias.

O concepto de interesado en materia de transparencia, ten unhas peculiaridades respecto do concepto de interesado nun procedemento administrativo. De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 19/2013, o dereito de acceso á información pública recoñécese a todas as persoas, polo que é suficiente con acreditar a identidade do solicitante (artigo 17.2), non existe obriga de motivar a solicitud (artigo 17.3) e se o interesado o fai, a motivación poderá ser tida en conta cando se dite a resolución, sen que a ausencia de motivación, por si soa poida ser causa de rexeitamento da solicitud.

En todo caso, a Lei 1/2016, amplía aínda máis os dereitos do interesado, pois no artigo 24 equipara o interesado coa cidadanía en xeral. O dito artigo reforza o dereito da cidadanía ao establecer que no exercicio do dereito ao acceso á información pública, garantiráselle ao interesado a posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou doutras Leis. Por tanto, é irrelevante que o solicitante de información pública teña ou non relación coa administración, coa materia da que solicita información, ou o seu lugar de residencia. O dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito dun interese concreto ou específico do solicitante, nin está condicionada á acreditación da súa condición de interesado, debendo calquera solicitud cuxa materia non estea excluída ou limitada no seu acceso pola normativa vixente, ser resolta non senso de conceder o acceso á información, porque a transparencia implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos seus gobernantes, das súas Administracións e de calquera entidade que manexe fondos públicos, calquera información pública que xulgue oportuna.

O artigo 22 da Lei 19/2013, establece que o acceso á información realizarase preferentemente por vía electrónica, salvo que non sexa posible ou que a persoa interesada houbera sinalado expresamente outro medio, debendo motivarse segundo dispón o artigo 20.2 da mesma Lei, as resolucións que concedan o acceso nunha modalidade distinta á solicitada. No presente caso, se ben existe unha motivación para non dar a información no formato solicitado –falta de consideración da solicitante como interesada no expediente- esta motivación, como xa se expresou, non pode ser aceptada, dado que non é esixible ter a condición de interesada nunha solicitud de acceso á información pública.

Procede por tanto a estimación da reclamación presentada, debéndose por tanto dar acceso á información na modalidade solicitada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 28 de outubro de 2022, contra a Resolución do 27 de setembro de 2022, da Alcaldía do Concello de Ponteceso, pola que se resolve a súa solicitude de acceso aos expedientes XXX e XXX no formato solicitado.

**Segundo:** Instar a Concello de Ponteceso, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Concello de Ponteceso, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**